

Memoria do Equipo de Dinamización da Lingua Galega

IES O Ribeiro

Curso 2023-2024



Índice

1. Introducción
2. Cadro resumo das actividades
3. Memoria descriptiva e gráfica das actividades realizadas
4. Cambios realizados con respecto á solicitude inicial
5. Consecución dos obxectivos previstos e propostas de mellora
6. Conclusión



1. Introducción

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) ten como obxectivo potenciar o galego en todas as actividades do centro, facendo chegar este a todos os sectores da comunidade educativa. Outro dos obxectivos é garantir que o alumnado, conforme vai superando cada un dos cursos nos que o ensino é obrigatorio, vaia acadando un dominio oral e escrito da lingua galega.

Tamén somos conscientes de que un dos traballos do EDLG é a difusión de recursos que apoiem a aparición de posturas favorables ao proceso de extensión do uso da nosa lingua implicando nel a toda a comunidade escolar. Nestas liñas tentamos traballar neste curso 2023-2024.

2. Cadro resumo das actividades

A seguir, resúmense as actividades realizadas e indícase cal foi o gasto para cada unha delas, así como o material empregado no seu desenvolvemento. Cómpre aclararmos que a suma total supera o importe da axuda concedida, por tanto, o restante foi pagado polo centro con fondos propios.

Nº	Temporalización	Título	Importe do gasto	Material empregado para a realización da actividade
1	Todo o curso	Continuación do blog	0 €	Ordenador
2	Todo o curso	Taboleiro da lingua	0 €	Folios
3	Todo o curso	Conta de Instagram	0 €	Ordenador e internet
4	Todo o curso	Taller de pandeireta e canto	0 €	Pandeiretas e fotocopias
5	Setembro-outubro	Concurso de tradución	0 €	Fotocopias e premios
6	Outubro	Mesa redonda bibliotecas do Ribeiro	0 €	Fotocopias a cor
7	Outubro-novembro	Samaín: concurso de microrrelatos de terror	62,61 €	Premios
8	Novembro	Samaín: pasaxe do terror	0 €	Vestuario traído polo alumnado
9	Novembro	Magosto	0 €	Castañas
10	Novembro	Mes da ciencia en galego: conferencia	150 €	Os traídos polo conferenciante



11	Novembro	Cantiga contra a violencia de xénero	0 €	Pandeiretas
12	Decembro	Actuación do grupo de pandereiteiras no festival de Nadal	0 €	Pandeiretas
13	Xaneiro-marzo	Aquí tamén se fala galego	92,44 €	Fotocopias
14	Xaneiro	Conferencias de Orgullo Galego	143,97 €	Os traídos polo conferenciante
15	Febreiro	Día de Rosalía: concurso de poesía	49,60 €	Premios
16	Abril-maio	Lendas do Ribeiro	0 €	Ordenador
17	Maio	Exposición Letras Galegas	0 €	Folios
18	Maio	Podcast	0 €	Ordenador
19	Maio	Festival Letras Galegas	158,63 €	Camisetas
20	Xuño	Serán de Arnoia	0 €	Pandeiretas

3. Memoria descriptiva e gráfica das actividades realizadas

1) Continuación do blog

Continuamos co blog do EDLG, onde se expoñen as actividades realizadas, así como outros datos de interese sobre a lingua e a literatura galegas. O blog pódese consultar no seguinte enlace: <https://dinaribeiro.blogspot.com/>

2) Taboleiro da lingua

Un ano máis continuamos co taboleiro da lingua no centro para dar visibilidade a novas e a información varia relacionada coa lingua e a literatura galegas.

3) Conta de Instagram

Este ano desde o EDLG creamos unha conta de Instagram onde se poden ver as nosas actividades. Contamos xa con máis de 200 seguidores. Na imaxe, unha captura da conta ies_edl_oribeiro.





4) Taller de pandeireta e canto

Este curso comezamos cun taller de canto e pandeireta coa colaboración do Departamento de música. Reunímonos un recreo á semana e imos ensaiando e aprendendo, na imaxe podedes ver un ensaio. O grupo é heteroxéneo, hai alumnado e profesorado con diferentes niveis de competencia en pandeireta. Puxémonos de nome Fuscalla, de fucallo, pola néboa abundante do Ribeiro e en feminino. Ao longo do curso actuamos en varias ocasións no centro como poderedes ir vendo nas diferentes actividades.



5) Concurso de tradución

En colaboración coa Biblioteca do centro, este ano convocouse por primeira vez un concurso de tradución. A actividade tivo unha boa acollida e os resultados foron prometedores. Pódese ver, a seguir, o cartel do concurso.



6) Mesa redonda das bibliotecas do Ribeiro


Tamén en colaboración coa Biblioteca, organizouse unha mesa redonda coa Biblioteca Municipal de Ribadavia, a do Museo Etnolóxico, a do CEIP Plurilingüe Ribadavia, a Municipal de Leiro, a Municipal de Cenlle e a do noso centro. Na imaxe podemos ver as persoas encargadas das bibliotecas participantes na mesa redonda.



7) Samaín: concurso de microrrelatos de terror

Como todos os anos, o EDLG e a Biblioteca organizamos un concurso de microrrelatos de terror. Este ano, ademais, os microrrelatos gañadores foron gravados nun podcast en colaboración coa radio da Omix de Ribadavia. No noso blog (<https://dinaribeiro.blogspot.com/>) podedes escoitar os podcast e tamén ver o enlace a un programa da RadiOmix no que o EDLG fomos invitados para falar do concurso de microrrelatos e máis temas.


**CONCURSO DE
MICRORRELATOS DE TERROR**



BASES:

- ABERTO A TODO O ALUMNADO DO IES O RIBEIRO.
- ESCRIBE UN BREVE RELATO DE TERROR EN GALEGO (33 PALABRAS TOPE).
- ENTREGALLE O TEU RELATO Á TÚA PROFESORA DE GALEGO.
- TES DE PRAZO ATA O 30 DE NOVEMBRO.
- HAI PREMIOS IARPEIROS E MÁIS SORPRESAS TERRORÍFICAS.

ORGANIZA: BIBLIOTECA IES O RIBEIRO
EDLG IES O RIBEIRO



Novo episodio!



Episodio 4
MICRORRELATOS DE TERROR
con María, Noemia e María desde o IES O Ribeiro



8) Samaín: pasaxe do terror


Este ano polo Samaín, o alumnado de Artes Escénicas, acompañado pola súa profesora Rita Abraldes Iglesias, organizou unha pasaxe do terror no pavillón do centro. Pódese ver na imaxe o grupo e a súa profesora preparados para levar a cabo a súa *performance*.



9) Magosto

Este curso o EDLG propuxo recuperar a celebración do magosto e así se fixo como podes comprobar nas fotografías. Foi unha tarde estupenda de xogos e castañas. Ademais reunímonos as persoas dos dous edificios do IES O Ribeiro.





10) Mes da ciencia en galego: conferencia

En novembro, para conmemorarmos o mes da ciencia en galego, contamos coa presenza de Dosi Veiga, físico e divulgador científico que nos veu falar do ceo, así como de mitos e lendas sobre as estrelas. Ademais, trouxo consigo unha exposición de fotografías de ceos galegos que nos deixou no centro.



11) Cantiga contra a violencia de xénero

Por este 25 de novembro, o alumnado de Artes Escénicas e o grupo de pandereteiras Fuscalla do EDLG interpretaron unha cantiga contra a violencia de xénero. A letra foi escrita polo alumnado se Artes, que tamén levou a cabo unha coreografía, mentres Fuscalla tocaba e cantaba. Podedes ver o vídeo da actuación no noso blog (<https://dinaribeiro.blogspot.com/>).



12) Actuación do grupo de pandereteiras no festival de Nadal

No último día de clase antes das vacacións de Nadal, puidemos asistir a unha nova actuación de Fuscalla no festival de Nadal entre outras actuacións. Entre o noso repertorio, houbo algunha canción sobre esta festividade.

13) Aquí tamén se fala galego

Este ano participamos nesta campaña de dinamización iniciada do IES Rafael Dieste da Coruña para acabar co prexuízo de que non se fala galego. A campaña foi moi ben recibida entre o noso alumnado, que colaborou pegando carteis en establecementos de todo o Ribeiro. Tamén imprimimos algunhas para poñelas no noso centro. Pódense ver todas as fotografías no noso Instagram e no noso blog. Poñemos aquí a exposición que fixemos e parte do noso alumnado.





14) Conferencias de orgullo galego

Este ano contamos coa presenza no noso centro de Borxa de Orgullo Galego. Ofreceu dúas conferencias, unha sobre o Entroido para o alumnado de 2º ESO e outra sobre a presenza do galego nas novas tecnoloxías e redes sociais. Foron dúas charlas ben interesantes.



15) Día de Rosalía: concurso de poesía,

Para conmemorarmos o Día de Rosalía, convocamos un concurso de poesía arredor da figura da poeta. Expuxemos todos os poemas xunto coa imaxe de Rosalía polos dous centros. Nas imaxes pódese ver tamén algúns dos premiados con seus agasallos e rodeados dos seus compañeiros.





16) Ledas do Ribeiro

En colaboración coa Biblioteca Municipal de Ribadavia, participamos nun proxecto de intercambio cultural coa Biblioteca Popular Sarmiento de Arxentina. O proxecto consistiu en investigar sobre lendas da contorna e recollelas en vídeo. Os vídeos realizados por alumnado de 2º e 3º ESO pódense visualizar no noso instagram (edl_ies_oribeiro).



17) Exposición Letras Galegas

Como todos os anos polas Letras Galegas, expuxemos no instituto os carteis gañadores do concurso, así como poemas de Luísa Villalta con ilustracións e algún outro traballo sobre a autora homenaxeada, como un retrato feito coa técnica do *collage* do alumnado de Artes.





18) Podcast

Este ano os podcasts gravados foron arredor de Luísa Villalta, polo que puxemos a gravación no festival das Letras Galegas. Os podcasts foron elaborados polo alumnado de 1º ESO.



19) Festival Letras Galegas

No Festival que organizamos para celebrar as Letras Galegas participou alumnado tocando o violín e o piano, o grupo de pandeireteiras da Istoría de Ribadavia e Fuscalla, que tocou con elas algunha peza. O acto estivo presentado por tres alumnos de 3º ESO que falaban sobre a vida e a obra da autora. Tamén puxemos o podcast, os vídeos das lendas do Ribeiro e varios videopoemas realizados polo alumnado de Artes Escénicas a partir de textos de Luísa Villalta.





20) Serán de Arnoia

Fuscalla foi invitado ao IV Serán d'Arnoia que se celebrou o sábado 1 de xuño de 2024. Foi a nosa primeira actuación fóra do centro e resultou unha moi boa experiencia. Esperamos que para o ano que vén continuemos medrando. Na foto podedes ver a representación de Fuscalla no serán.



4. Cambios realizados con respecto á solicitude inicial

Este curso houbo poucos cambios con respecto á solicitude inicial. Con todo, houbo actividades que non se puideron levar a cabo, algunhas que modificamos e outras que incluímos ao longo do curso. Por exemplo, a conferencia de Frutos Fernández non se realizou. Porén, xurdiron novas actividades ao longo do curso como a participación no proxecto sobre as lendas cos Biblioteca Municipal de Ribadavia e a Biblioteca Popular Sarmiento. Entre as actividades modificadas, estaría a saída co alumnado colaborador, co que acudimos ao serán. Por mor de todas estas modificacións, o orzamento tamén sufriu cambios.

5. Consecución dos obxectivos previstos e propostas de mellora

Tendo en conta os obxectivos marcados na Programación do EDLG, podemos considerar que acadamos a maioría deles a través das nosas actividades. Así, potenciamos o uso da lingua galega con actividades como os concursos de microrrelatos ou a gravación dos podcast. Tamén loitamos contra os prexuízos na campaña “Aquí tamén se fala galego”. Finalmente, colaboramos activamente coa biblioteca do centro e outros departamentos, como o de EPVA, e con organismos como a biblioteca Municipal de Ribadavia. Para mellorar o papel do EDLG seguiremos implicando máis ao alumnado colaborador e tamén continuaremos con actividades dirixidas a todo o centro, incluíndo ambos edificios. Por último, cómpre actualizarmos máis a miúdo o taboleiro.

6. Conclusión


Para concluír, convén destacarmos que as actividades realizadas contaron coa colaboración de gran parte do alumnado, así como do profesorado, polo que desde o EDLG dámoslles as grazas a todas as persoas que participaron e axudaron a acadar os nosos obxectivos. Esperamos seguir mellorando o noso traballo nos próximos cursos para contribuír ao noso maior obxectivo que é potenciar a nosa lingua e normalizar o seu uso.

Ribadavia, 24 de xuño de 2024

V. e pr. A directora do centro

Asdo.: Ana Belén Álvarez Álvarez

Coordinadora do EDLG



Asdo.: María Valcárcel Gómez

